

DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 202/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Subvencións Directas ou Nominativas

O Alcalde acorda o seguinte:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Asunto: Aprobación de subvención nominativa coa Asociación deportiva- cultural O Santiaguíño

Expediente 202/2024

Antecedentes administrativos

Con data do 29-12-2024 publicouse o anuncio de aprobación definitiva do orzamento deste Concello de As Somozas para 2024. Na súa base de execución 40ª, relativa a subvencións, inclúense as subvencións nominativas que se prevé conceder durante este exercicio a diferentes entidades sen ánimo de lucro. Entre elas figura Asociación deportiva- cultural O Santiaguíño Somozas cun importe máximo previsto de 3.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 334-48000.

O plan estratéxico de subvencións 2024-2026 do Concello de As Somozas foi publicado no BOP 03.01.2024

A entidade presentou no rexistro do Concello, con data do 08-07-2024, solicitude de sinatura do convenio previsto no orzamento municipal, para poder facer fronte ás obrigas económicas derivadas da súa actividade en materia cultural, deportiva e veciñal.

Lexislación aplicable

- Lei 7/1985 de bases de réxime local
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia,
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia,



- Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia**. **

Vistos os referidos antecedentes, e en exercicio das competencias atribuídas á Alcaldía na lexislación vixente, mediante o presente **RESOLVO**:

Vista a proposta de resolución PR/2024/89 de 9 de xullo de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 9 de xullo de 2024.

En virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLUCIÓN

Primeiro- Aprobar o gasto por importe de 3,000,00 euros con cargo a aplicación presupostaria 334.480,00 do vixente presuposto municipal como achega para o financiamento do Convenio de colaboración entre o Concello de As Somozas e Asociación deportiva- cultural O Santiaguíño Somozas que formaliza a subvención nominativa que figura nas bases de execución do presuposto municipal do ano 2024.O primeiro pago do importe da subvención terá carácter de anticipo prepagable a xustificar polo beneficiario da subvención. Os datos da subvención aprobada recóllense no Plan estratéxico de subvencións 2004-2026 co seguinte detalle :

Entidade beneficiaria	Asociación deportiva- cultural O Santiaguíño
Plan Estratéxico de Subvencións no que se integra	Plan estratéxico de subvencións do concello de As Somozas 2024-2026. Bop 03.01.2024. Liña 1: subvencións en materia de fomento do movemento asociativo do concello
Obxectivos que se logran coa concesión da subvención	Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral, das asociacións existentes en As Somozas , con fins de carácter social , cultural ,recreativo , deportivo e medioambiental
Motivación da subvención	Fortalecer o movemento asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura, deporte ou calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía

Segundo: Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello das Somozas e a Asociación deportiva- cultural O Santiaguíño co contido que se establece no anexo deste decreto e notificarlle este acordo a parte interesada e proceder a sinatura conxunta do documento .



Terceiro: Publicar os datos desta Resolución na Base Nacional de Subvencións (BNDS) así como no portal da transparencia do Concello de As Somozas ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei 19/2013 de transparencia e bo goberno.

Anexo I: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DAS SOMOZAS E A ASOCIACIÓN DEPORTIVA- CULTURAL O SANTIAGUIÑO

REUNIDOS:

Dunha parte Juan Alonso Tembrás, Alcalde-presidente do Concello das Somozas, asistido pola secretaria do concello, Paula Díaz Tie, que actúa como fedataria da formalización do presente convenio.

Doutra parte Enrique Guerreiro Martinez 76.40xxx0-X en representación da Asociación deportiva- cultural O Santiaguíño , inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 2 , na súa condición de presidente da mesma.

EXPOÑEN:

Que Asociación deportiva- cultural O Santiaguíño e o Concello de As Somozas pretenden, ámbalas dúas entidades, o fomento de actividades abertas ao público en xeral, con fins de carácter social , cultural ,recreativo , deportivo e medioambiental

Que o Concello de As Somozas ten a vontade de colaborar na actividade da Asociación deportiva- cultural O Santiaguíño contribuíndo ó financiamento das actividades propias que se relacionan na memoria presentada que se resume nas seguintes actividades .

- 1.-Transporte (autobús) viaxe deportivo (a Majadahonda)
- 2-Compra material (torno, afiladora, guvías e outros utensilios) para futuros cursos de torno

Non se subvencionan bens inventariables, dado que unicamente se subvencionan actividades.

Os cursos deben realizarse durante o ano 2024 non é posible a compra de material para futuro .

Que a Base 40ª de Execución do Orzamento deste Concello para 2024, denominada “Subvencións”, recolle expresamente a previsión de concesión de varias subvencións nominativas, entre elas unha destinada Asociación deportiva- cultural O Santiaguíño cun importe máximo previsto de 3000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2024-334-480-00. Esta subvención esta incluída no Plan estratéxico de subvencións do concello de As Somozas, publicado no BOP 03/01/2024 . Liña 1.subvencións en en materia de fomento do movemento asociativo do concello .

En vista do antedito, ambas as partes acordan as seguintes **CLÁUSULAS:**



PRIMEIRA. O Concello de As Somozas e Asociación deportiva- cultural O Santiaguiño amosan a súa intención de colaborar na organización e financiamento de actividades culturais e deportivas así como tódalas actuacións que se considere que supoñan beneficios para os veciños do Concello en xeral.

As previsións de actividades da Asociación deportiva- cultural O Santiaguiño para o presente ano 2024 figuran no orzamento e no programa de actuacións presentados por esa entidade na súa solicitude centrándose na realización de excursións culturais e cursos e xornadas de formación .

SEGUNDA Concello de As Somozas comprométese a:

- Realizar durante o ano 2024 unha achega económica por un importe máximo de 3000,00 euros, en concepto de axuda para sufragar os gastos ocasionados polos compromisos adquiridos pola Asociación deportiva- cultural O Santiaguiño , en execución do seu programa de actividades para 2024, e relacionados na cláusula cuarta do presente convenio.
- Facilitar a actividade Asociación deportiva- cultural O Santiaguiño e o seu acceso ás instalacións e dependencias municipais que poida precisar para o exercicio das súas funcións, con respecto en todo caso á legalidade vixente.

TERCEIRA: O pagamento da achega indicada na cláusula anterior será aprobado pola Alcaldía, de acordo co seguinte detalle:

- A metade do importe da axuda (1500,00 €) aboarase tras a sinatura do presente convenio.
- O importe restante (1500,00) farase efectivo unha vez xustificado o primeiro pagamento e xustificado a cantidade total concedida .

Esta subvención é compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. O importe dos gastos xustificadas debe ser como mínimo o da suma de todas as axudas económicas recibidas pola Asociación deportiva- cultural O Santiaguiño no presente exercicio 2024

A xustificación final da axuda deberá realizarse antes do 29 de novembro de 2024, podendo ser ampliado o prazo previa petición razoada e por causas xustificadas.

Para a xustificación da subvención, a entidade beneficiaria deberá presentar a conta xustificativa da subvención coa presentación da seguinte documentación :

- 1.- Declaración responsable segundo o modelo que figura como anexo a este convenio .
- 2.-Unha memoria de actuacións, con indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos onde se indiquen numero de persoas que participaron nas actividades, datas de realización, e unha pequena avaliación da actividade realizada cos fondos municipais .



3.- Copia das facturas que se presenten como xustificantes, deberán corresponder con gastos directamente relacionados coas actividades subvencionadas e deberán vir acompañadas do correspondente xustificante bancario de pagamento. Non se admiten xustificantes de pago en metálico .

4.- Xustificante gráfico da publicidade realizada da colaboración económica do Concello de As Somozas para a realización das actividades .Admítense a publicidade coa carteis, difusión por redes sociais e demais documentación promocional e material utilizado no desenvolvemento da actividade subvencionada que se realice coa colaboración deste concello.

5.-Declaración de estar ó corrente coas súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social conforme o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O concello de As Somozas comprobará de oficio que a entidade beneficiaria non e deudora da facenda municipal.

No suposto de que non se presente a xustificación polo importe esixido procederase á minoración proporcional da subvención concedida, esixindo a Asociación deportiva- cultural O Santiaguíño Somozas o reintegro da cantidade correspondente, no seu caso.

A presentación da xustificación deste convenio fóra de prazo, logo de recibir o correspondente requirimento, suporá a imposición das seguintes sancións:

- Presentación da documentación xustificativa no prazo de 15 días posteriores ao requirimento do Concello, tras a finalización do prazo establecido na convocatoria: redución do 15 % da cantidade recollida neste convenio.

- A non presentación da documentación xustificativa no prazo indicado no parágrafo anterior dará lugar á perda total do importe recollido neste convenio, coa conseguinte obriga de devolución das cantidades percibidas como anticipo, se é o caso.

CUARTA. As obrigacións da Asociación deportiva- cultural O Santiaguíño serán as establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e en concreto ao cumprimento das seguintes obrigacións específicas:

- Desenvolver a actividade culturais presentadas na memoria ao longo do exercicio 2024,
- Continuar colaborando co Concello na organización de actividades culturais de interese para a veciñanza .

- Presentar, dentro do prazo establecido no presente Convenio, conta xustificativa da subvención recibida, xunto coa documentación acreditativa das actividades realizadas, das comprendidas na memoria de actividades presentada, que incluírá facturas expedidas en legal forma comprensivas da totalidade dos gastos realizados, no modelo que forma parte do presente Convenio como Anexo.



- Presentar, a requirimento do Concello, toda a documentación que se considere precisa para acreditar o correcto destino da subvención concedida e as características das actividades realizadas.

QUINTA O período de vixencia deste convenio comprende a presente anualidade de 2024.

SEXTA O material publicitario que se realice relacionado coas actividades previstas no presente convenio, deberá facer constar de forma clara a colaboración do Concello de As Somozas, incluíndo o logo do Concello. O incumprimento desta cláusula poderá constituír causa de rescisión do presente convenio.

SÉTIMA. Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación da axuda concedida para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- O incumprimento por parte da asociación dos requisitos e obrigas establecidas neste convenio.
- As contempladas con carácter xeral, no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

No caso da resolución do convenio por mor das causas anteditas, Asociación deportiva-cultural O Santiaguíño deberá proceder, no seu caso, ao reintegro dos fondos efectivamente aboados polo Concello, coa esixencia dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da axuda até a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA. Os compromisos establecidos para as partes nas cláusulas precedentes poderán ser revisados de mutuo acordo en caso que se considere oportuno.

E en proba da conformidade, ambas as partes subscriben este Convenio na data da sinatura electrónica, diante da Secretaria do Concello, que dará fe do acto."As Somozas, na data da sinatura electrónica.

ANEXO

CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL PARA 2024

ENTIDADE SOLICITANTE: Asociación deportiva- cultural O Santiaguíño

REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS Nº 2

Don/Dona _____, con documento de identidade nº _____ como representante da entidade _____, na súa condición de presidente/a da mesma, **DECLARO:**

A) Que se lle concedeu unha subvención nominativa, mediante convenio asinado con data do _____, para as actividades e/ou investimentos recollidos na solicitude



oportunamente presentada, e que durante o período indicado nese convenio, realizáronse os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:

Número	Provedor	CIF	Nº de factura	Concepto	Importe
				TOTAL	

B) Que se xunta relación de facturas polo importe da subvención concedida, xunto cos xustificantes bancarios da efectiva realización dos pagamentos correspondentes.

C) Que os gastos que arriba se detallan son reais, foron aplicados ás finalidades para as que se concedeu a subvención e foron reflectidos nos libros contables da entidade.

D) Que á entidade á que represento lle foron concedidas, para as mesmas finalidades, as seguintes axudas ou subvencións:

Entidade concedente	Obxecto da axuda ou subvención	Importe €

E) Que o importe total das axudas ou subvencións recibidas en 2024 non superou o importe total dos gastos devengados.

F) Que se fixo a debida divulgación do financiamento por parte do Concello de As Somozas das actividades e investimentos subvencionados. Xúntase a efectos xustificativos un exemplar de toda a documentación impresa xerada polas actividades ou investimentos subvencionados.

G) Que a entidade á que represento está ó corrente coas súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social, e non ten débedas de ningún tipo co Concello de As Somozas. Autorízase en calquera caso ó Concello de As Somozas a obter as certificacións necesarias desas Administracións Públicas no caso que este aprobado o convenio de colaboración preciso .As Somozas, na data da sinatura electrónica.(Sinatura electrónica da persoa representante)

Asinada dixitalmente polo alcalde, Juan Alonso Tembrás, do que eu, secretaria-interventora municipal, Paula Díaz Tie, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

